

Venres, 9 de maio de 2025

Núm. 87

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 2 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2025*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 2 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2025*

*BDNS(Identif.): 831095*

*De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/831095>)*

**1. BENEFICIARIOS:**

As entidades xurídicas que: carezan de fins de lucro, teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, non estean incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación.

**2. OBXECTO**

Axudas para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2025, no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra da comunicade autónoma de Galicia cando teña relevancia para os intereses provinciais.

Poderán ser obxecto de financiación, entre outras, as actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), os festivais, as exposicións, os encontros, os certames culturais, etc.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: ZL7E1J1KE4Z8UCXR



Venres, 9 de maio de 2025

Núm. 87

### 3. BASES REGULADORAS

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 2 de maio de 2025, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016, Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2025, LXS e demais lexislación de desenvolvemento.

### 4. CONTÍA

300.000,00 €.

### 5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### 6. OUTROS DATOS DE INTERESE

- Solicitudes e documentación: Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude por cada unha as liñas que se convocan, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base décima.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo terceira da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e acreditar a debida difusión, nos termos previstos na base décimo sétima da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 31 de xaneiro de 2026.

Pontevedra, 06/05/2025

O presidente, Luis López Diéguez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: ZL7E1J1KE4Z8UCXR

